



A evolución da sociedade actual esixe unha atención preferente á prestación de servizos sociais para atender as necesidades das persoas, desde as máis básicas para a vida diaria ata aquelas outras que nos fan gañar en calidade de vida, benestar e progreso social.

Neste contexto, as cooperativas están chamadas a desenvolver un importante labor, tanto porque están especializadas na satisfacción das necesidades dos seus socios, como pola súa especial preocupación pola comunidade.

Por outra parte, o crecente protagonismo do ámbito privado en esferas consideradas tradicionalmente como de vocación pública, aconsella avaliar as posibilidades de actuación que ofrecen as cooperativas para articular a prestación dos servizos sociais nas súas distintas modalidades: asociando ás persoas traballadoras para prestar en común os servizos, asociando aos usuarios para autoxestionar os servizos que precisan, así como investigando e apostando por novas fórmulas de intervención social sobre a base da persoa e a cooperación.

Para analizar as posibilidades de emprendemento cooperativo neste ámbito, os seus efectos sobre a calidade na prestación de servizos e as posibilidades de creación de emprego, a Consellería de Traballo e Benestar organiza o **Encontro "Cooperativismo: sostibilidade e innovación social"**, que terá lugar o venres 4 de xullo de 2014, nas instalacións do Centro Ágora na cidade da Coruña.

O Encontro está dirixido a cooperativistas, emprendedores, técnicos e responsables da prestación de servizos sociais das administracións local e autonómica e doutras entidades públicas e privadas, así como a calquera persoa interesada en xeral.

En xornada de mañá e tarde, contará con relatorios divulgativos e formativos específicos e con presentación de experiencias exitosas e/ou novidosas de fórmulas cooperativas no eido dos servizos sociais, de acordo co programa provisorio que se achega. Ademais, realizarase unha exposición de pósters que recollerá as experiencias cooperativas e cuestións de interese que non se poidan incorporar as sesións do Encontro por limitacións de tempo ou especificidade de contidos e un concurso de fotografía.

Diríxome a vostedes para invitalos a participar neste Encontro, mediante a súa asistencia as sesións programadas e, se o estiman oportuno, a través da elaboración dunha comunicación en formato póster e o envío de fotografías. Para a inscrición no Encontro, remisión de comunicacións e outras informacións complementarias, poden dirixirse á web: www.cooperativasdeg Galicia.coop, ao correo electrónico info@cooperativas2014.com, ou a través do teléfono 646 134 647.

Atentamente

Santiago de Compostela, 2 de xuño de 2014

Odilo Martiñá Rodríguez

Director Xeral de Traballo e Economía Social

